



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA RECLAMAR UNHA XESTIÓN TRANSPARENTE, EFICIENTE E PÚBLICA DA ESTACIÓN DE MONTAÑA DE MANZANEDA**

A estación de montaña de Manzaneda, única en Galicia, no referente a súa xestión, é un foco de problemas e irregularidades casi desde os seus comezos. A estación ten grandes posibilidades para actividades de montaña tanto no verán como no inverno, pero é incomprendible que non se aproveite eficientemente, nin sequera, cando hai neve, situación que evidencia a incapacidade dos actuais accionistas e dos xestores. A pesar de ser un potencial revulsivo económico para as comarcas de Trives, Valdeorras e de todo o oriente da provincia de Ourense, o complexo está totalmente desaproveitado, sendo mercantilizado pola Xunta, a Deputación e a actual concesionaria.

Tras investimentos ao longo das últimas décadas, os días hábiles de apertura redúcense tempada tras tempada, chegando a poder abrir a súas portas soamente unha fin de semana nos dous últimos anos, pese a instalación, por exemplo, dun sistema de innivación que prometía “alongar a temporada e o uso das instalacións” con canóns.

A actual empresa xestora, Oca Hoteles, accedeu a dedo á xestión da estación de montaña en 2012, grazas a un acordo privado coa Xunta de Galicia, no que lle regalaban todas as accións de Novagalicia Banco (37 %), por 1 euro. Ademais, a entidade financeira rescatada con 9.000 millóns públicos, concedeu a sociedade hoteleira 3 millóns para investimentos na estación. En 2014, a situación do accionariado mudou e a Xunta pasou a ser o principal accionista do consello de administración, ao quedar cun 48 % das accións, fronte ao 37,6 de Oca Hoteles e o 14,4 % de Trives e Manzaneda, repartido a partes iguais entre ambos concellos.

En 2015, a Deputación de Ourense volveu ó accionariado comprándolle a Oca Hoteles as accións que previamente lle foran regaladas. Un ano despois, chegado o momento de asumir un importante investimento para a viabilidade –novo sistema de innivación–, a empresa xestora evitou asumir a parte que lle correspondía ao non concorrer á ampliación de capital necesaria. Os fondos foron aportados integramente pola Xunta e a Deputación.

Os préstamos de capital tanto da Xunta como da Deputación veñen sendo recorrentes. Así por exemplo, en marzo de 2019, a Deputación de Ourense concede un préstamo a Meisa por valor de 450.602 euros para “salvar” o patrimonio da compañía. En xaneiro deste ano inxectaban outros 674.000 euros e mudouse de novo o accionariado de Meisa. A Xunta de Galicia pasou a contar co 49.65 % das accións, fronte ao 49,45 % da Deputación de Ourense; o 0,62 % de Oca Hotels; o 0,14 % do Concello de A Pobra de Trives e o 0,14 % do Concello de Manzaneda. Desta forma, os dous accionistas maioritarios expulsaron unilateralmente da toma de decisións aos municipios nos que se asenta a estación.



Durante os últimos tamén se está a producir unha loita de poder entre a Xunta e Deputación polo control da estación, con enfrontamentos públicos e decisións que acaban nos xulgados. Estas leas internas veñen motivando unha xestión en precario coa prórroga dun contrato que debía ter finalizado no ano 2017. Hai pouco máis dun ano, en agosto do 2019, un xulgado do contencioso-administrativo de Ourense anulou a prórroga concedida a Oca Hoteles, acordada polo consello de administración co voto a favor da Deputación, pero coa Xunta en contra. Foi a propia Xunta quen levou esa votación aos xulgados, posto que a empresa tiñase que ter absterido ao ter intereses económicos e a adxudicación tiña que ser acordada mediante concurso público. Que intereses agochaba a Deputación de Ourense para acordar aquela prórroga ilegal a dedo e co outro accionista maioritario en contra?

En maio de 2020, a Deputación anunciaba na súa páxina web que o Consello de Administración de Meisa acordara, na súa xunta de ese mesmo día á que concorreron soamente o presidente da Deputación e a xestora Oca Hoteles, a licitación dos pregos para a contratación da xestión cun importe de 580.800 euros. Desde maio o concurso atópase sen adxudicar, alegando a situación provocada pola crise do coronavirus e a día de hoxe segue sen resolver definitivamente. As dúas empresas que concorreron –Taller de Ingeniería Ursúa e Stem Internacional– foron apartadas. A primeira por non incluír proposta económica e a segunda porque fixaba o prezo máximo en 20.000 euros e non nos 8.000 que establecían as plicas.

A este carrusel de irregularidades e decisións errantes dos xestores, ao longo dos últimos anos súmanse un sinfín de queixas de usuarios e usuarias pola falta de mantemento das instalacións hoteleiras, o telesilla, o aluguer de esquíes ou a xestión de forfaits. Tamén existen denuncias de familias asegurando que, supostamente, Oca Hoteles quedou con diñeiro de excursións adiantado por diferentes centros educativos, alegando que xa non dispoñen de fondos para proceder á devolución.

Logo da dimisión do actual xerente da estación por Whatsapp, Xunta e Deputación anunciaron unha reunión do consello de administración para establecer a nova “folla de ruta” da estación. Existen dúas posibilidades: convocar un novo concurso aberto ou proceder á adxudicación negociada directa mediante un *vericuetto* permitido pola lexislación vixente en materia de contratación pública, onde STEM Internacional sería a única candidata. Outra opción sería, novamente, a contratación a dedo dun xerente e outra prórroga irregular a Oca Hoteles.

O desleixo que Xunta e Deputación amosan coa dinamización da estación e das comarcas afectadas é recorrente desde hai lustros. A xestión escurantista salpicada de problemas e irregularidades é cada vez máis evidente, especialmente desde que acordaron deixar fóra da toma de decisións aos concellos de Trives e Manzaneda. Tanto Meisa como os seus dous accionistas maioritarios levan anos denegando o acceso á documentación do contrato de xestión que, de forma reiterada, solicitan por escrito os deputados, concelleiros e alcaldes socialistas, tanto neste mandato coma no anterior. Tampouco facilitan as resolucións xudiciais que afectan á estación de montaña. Meisa, Xunta e Deputación están envoltas nunha espiral de escusas para non dar explicacións públicas do que está a



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

acontecer coa xestión de Manzaneda, a pesar de que están obrigados porque así o estipula a Lei 19/2014 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Tamén vulneran o previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Tampouco accederon nunca á comparecencia do presidente da Deputación, para ofrecer información ao respecto ou á reiterada proposta do PSdeG-PSOE para a participación dos grupos políticos no consello de administración co fin de ter acceso a toda a información.

Aos socialistas tamén nos preocupa fondamente a situación dos traballadores e traballadoras de Manzaneda, a meirande parte deles veciños e veciñas da zona. Actualmente, Oca Hoteles mantén en ERTE a 38 empregados alegando causas de forza maior e coas instalacións pechadas á espera de que se produza o cambio de xestora.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense e á Xunta de Galicia a nomear como membros do consello de administración de Meisa ao alcalde de Manzaneda e á alcaldesa da Pobra de Trives, para garantir a representatividade dos territorios nos que se asenta a estación de montaña de Manzaneda e a transparencia na súa xestión.
2. Instar á Deputación Provincial de Ourense e á Xunta de Galicia a que cesen da actual xestión oscurantista da estación de montaña de Manzaneda e comecen a aplicar un modelo público, transparente e coa esixencia de que, quen estea á fronte, conte con experiencia e solvencia acreditada.
3. Instar á Deputación de Ourense a que proceda, sen máis dilación, a concluir as obras de remodelación na estrada de acceso á estación de montaña de Manzaneda, cumprindo os compromisos adquiridos, mellorando así a competitividade do complexo e garantindo a seguridade e confortabilidade dos usuarios e usuarias.

En Ourense, 16 de outubro de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**